

O socialismo e as Internacionais (o movemento obreiro na 2ª metade do XIX): marxismo e anarquismo.**Características do Marxismo: a ditadura do proletariado.**

"(..) A ditadura de clase do proletariado como punto de transición necesario para chegar á supresión das diferenzas de clase, á supresión de todo o réxime de produción sobre o cal repousan estas, á supresión de todas as relacións sociais que corresponden a este réxime de produción, ao trastocamiento de todas as ideas que emanan destas relacións sociais."

Marx. La lucha de clases en Francia.

O anarquismo: características e diferencias co Marxismo

"(...) Penso que a igualdade debe establecerse no mundo mediante a organización espontánea do traballo e da propiedade colectiva das asociacións produtoras libremente organizadas... e non mediante a acción suprema e tutelar do Estado.

(...) Eles afirman que soamente a ditadura -a deles, evidentemente- pode crear a vontade do pobo. Nós respondémoslles: ningunha ditadura pode ter outro obxecto que o de perpetuarse; ningunha ditadura podería procrear e desenvolver no pobo que a soporta outra cousa que a escravitude. A liberdade só pode ser creada pola liberdade."

M. A. Bakunin./ Contra Marx. Oposición a idea de ditadura do proletariado.

- a. Identificación do tema.
- b. Contextualización dos documentos.
- c. Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte nos documentos.

O socialismo e as Internacionais (o movemento obreiro na 2ª metade do XIX): marxismo e anarquismo. = tipo de comentario que a anterior

Características do Marxismo: loita de clases.

“Toda a historia da sociedade humana, ata o día, é unha historia de loita de clases. Libres e escravos, patricios e plebeos, baróns e servos da gleba, mestres e oficiais; nunha palabra, opresores e oprimidos, fronte a fronte sempre, empeñados nunha loita ininterrompida, velada unhas veces, e outras franca e aberta.”

Marx e Engels. Manifesto comunista (1848).

Trazos do anarquismo e diferencias co marxismo tras a I Internacional.

“Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o que nós queremos: o triunfo da igualdade económica e social, pero no Estado e pola forza do Estado; pola ditadura dun goberno provisional, poderoso e, por dicilo así, despótico; isto é, pola negación da liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais (...) Nós queremos ese mesmo triunfo da igualdade económica e social pola abolición do Estado e de todo canto se chame dereito xurídico, que, segundo nós, é a negación permanente do dereito humano.”

Bakunin. Carta a Rubicone Nabruzzi (1872).

- a. Identificación do tema.
- b. Contextualización dos documentos.
- c. Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte nos documentos.